



“Visita ao Courel. Na paisaxe primorosa, inverno de 2018”

20, 21 de xaneiro

PROGRAMA

Sábado 20

9h. **Partida.** O punto de encontro será Pontearreas; saída 294 da A52.

12h. **Ruta dos bosques “O Val do Lor”**

Ruta circular. 11Km

Dificultade. Moderada

Altitude. 500m-800m

O interese xeolóxico, botánico, social e paisaxístico do Courel están garantidos neste percorrido Os seus vistosos aciñeirais en encostas, os soutos de castiñeiros asilvestrados, os sistemas kársticos e a vexetación asociada, os bosques de aluviós, carballeiras colinas...a través dun itinerario que rezuma a impronta social do Courel.

18h **Hospedaxe**

19h **Obradoiro “A elaboración de augas florais e hidrolatos”**

Neste obradoiro, a través dunha destilación con alambique, elaboraremos unha auga floral de lavanda, base de colonias lixeiras, e de preparados máis consistentes, tales coma os perfumes. Tamén se darán pautas para unha elaboración caseira destes produtos. As persoas levarán unha pequena mostra do hidrolato.

20h **Descanso**

21,30h **Cea**

Domingo 31

9h **Almorzo**

10h **Ruta “A Devesa de Paderne. A montaña courelá”.**

Ruta linear. 8Km

Dificultade. Moderada-alta

Altitude. 550m-1300m

As devesas. Bosques húmidos e sombrizos, de orientación norte, en grandes encostas. Bosques escasos, representantes das antigas forestas das montañas galegas.

Paradigma da biodiversidade. A Devesa de Paderne conta con bosques de bidueiros e teixos, e a súa conservación débese á ausencia de camiños e á súa orografía. O percorrido ten instantes fermosos.

A carón destes bosques destacan as carballeiras albares e exemplares de capudres, acivros, faias, abelairas,.. en comunidades vexetais ben conservadas e representadas...

16h **A literatura courelá “Anxel Fole, María Mariño, Uxío Novoneyra”**

16,30 **Remate**